

novas



Esta revista está subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

CURSO CTNL 2003

Os labores de asesoramento nun SL/SNL: novas propostas de traballo

Con este título desenvolveuse un novo curso que a Coordinadora de Traballadores pola Normalización Lingüística organizou en Compostela os días 3 e 4 de outubro, continuando a liña temática comezada no curso celebrado en novembro do pasado ano en torno ás actividades dos SNL/SL.

O programa desenvolveuse en catro sesións de mañá e tarde na Facultade de Relacións Laborais e foi impartido por dúas profesionais que, dende a súa experiencia laboral e persoal, achegaron contidos teóricos e prácticos relacionados cos labores e actividades a desenvolver nun servizo lingüístico, así como ferramentas informáticas que contribúen a axilizar os traballos de corrección, tradución, etc.

Ana Domínguez Salgado, responsable da Área de Asesoramento da empresa galega *Reverso. Servicios Lingüísticos*, foi a encargada de introducir o curso e de afondar na parte teórica do programa. Centrouse, principalmente, nos obxectivos do asesoramento nun SL/SNL, subliñando a importancia de garantir a calidade lingüística da documentación e ao mesmo tempo de fomentar e potenciar o proceso de cambio lingüístico na organización en que se insira ese servizo lingüístico concreto, isto é, labores de corrección, dinamización e formación. Relacionado con isto, fixo alusión tamén a novos procedementos que nos permiten rendibilizar esforzos nos labores de asesoramento sen que iso repercuta na calidade lingüística dos traballos, así falou da redución do número de documentos revisados, da revisión de máis documentos no mesmo tempo e de engadir de valor o tempo dedicado a

estes labores de asesoramento. Por outra banda, aludiu aos puntos a ter en conta na xestión do traballo nun SL/SNL co fin de optimizar o labor de asesoramento lingüístico, a avaliación inicial, a revisión e a ordenación da documentación e ofreceu, así mesmo, unha listaxe de recursos bibliográficos, gramáticas, dicionarios, modelos de documentación, manuais de lingua, libros de estilo, etc.

Na xornada do venres pola tarde e do sábado á mañá, Ana Hermida, licenciada en Tradución e Interpretación, afondou na presentación de diferentes ferramentas informáticas que poden axilizar e apoiar o labor do técnico/a. Centrouse nas posibilidades que nos ofrece o procesador de textos Word na edición de textos, creación de índices, táboas de contidos e creación de macros, entre outras aplicacións e presentou diferentes correctores ortográficos de galego (Office XP, 2. mil, Bemposto Beta 1.0, imaxin Galgo, Corrixe) e tradutores automáticos (Proxecto Rianxo, ES-GA, TraduZa-g, etc.) que poden servir de axuda para o asesoramento lingüístico. Tamén falou sobre os diferentes recursos terminolóxicos, tanto en formato electrónico como en papel, dicionarios, glosarios e vocabularios, e sobre as roldas de correo dedicadas á tradución e á terminoloxía galega, pondo como exemplo Tradgal e a posta en marcha pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega.

Xa, finalmente, na sesión do sábado pola tarde dedicou a clase á presentación de memorias de tradución, incidindo nas súas vantaxes e inconvenientes e amosando algúns exemplos que se poden atopar na rede.

Todas estas orientacións teóricas tiveron a súa aplicación práctica con exercicios que os asistentes ao curso puideron desenvolver nos respectivos ordenadores, nun ambiente moi participativo e produtivo.



Unha vez máis a CTNL ofreceu un curso interesante, dinámico e participativo no que os contidos foron de grande atractivo para os asistentes, a maioría técnicos/as de SNL, e onde os debates serviron para aclarar dúbidas e reflexionar sobre experiencias e circunstancias que se dan nas tarefas do día a día e, ao mesmo tempo, para introducir e formar neste eido aos que aínda non tiveron a oportunidade de traballar nun servizo ben lingüístico ben de normalización lingüística. Parabéns á CTNL polo bo facer e polos cursos tan prácticos, interesantes e útiles que ofrece cada ano a prol da lingua e da normalización lingüística. Agardamos que en próximas ocasións se organicen cursos tan aproveitábeis coma este e que deixen tan bo sabor de boca.

Mar González Tarrela

sumario

- Páx. 2** **A modificación da normativa do galego**
A historia do (des)encuentro normativo
- Páx. 3** **Formularios básicos de procedemento xudicial en lingua galega**
- Páx. 4** **O medo ás radiografías**
- Páx. 5** **Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación**
Obradoiros *Máis Alá* de lingua e sociedade
- Páx. 6** **Unha cala na situación sociolingüística na cidade de Vigo**
Obradoiros de regueifas
- Páx. 7** **Unha perspectiva exterior sobre as linguas en Galicia**
- Páx. 8** **Simposio "Variación e prescripción"**
Fora da Sociedade para a Diversidade

Coordinadora
de Traballadores e Traballadoras
de Normalización da Lingua

Auxiliar de normalización lingüística para entidade local

Tiña verdadeira curiosidade por ver onde ía pasar, quizais só por confirmar que ían ser as administracións locais as que nos farían inzar por todo o abano das categorías laborais. Estamos xa no chanzo máis baixo previsto na carreira administrativa. Acabamos de colonizar un novo ámbito laboral: o grupo 4. De aí para abaixo non hai nada. ¿Ou si?

É evidente que a imaxinación no mundo sociolaboral está en momentos felices. A invención de novas categorías é cada vez máis común malia non perder chisco de mérito. Inventar "diplomado en normalización lingüística" foi merecente de premio. Seguindo esa senda descendente, a Consellería de Xustiza meteunos no grupo 3, pero foi o Con-

cello de Miño quen acaba de crear a figura de "auxiliar en normalización lingüística", do grupo 4 ou D. É a ben valorada hoxe enxeñaría laboral, onde se fan cadrar números a base de desencaixar dereitos de persoas, a quen se lle di: ou o tomas ou o deixas.

Malia parecemos absolutamente denunciábel este feito, vemos que esta non é máis cá meta lóxica nun contorno de descoordinación, falta de estrutura e planificación. Non é froito de gobernantes locais malintencionados e insensibles, máis ben é consecuencia da ausencia dunha estrutura marcada pola Xunta de Galicia que facilite a todas as administracións teren un servizo lingüístico propio.

Por mor disto, a Coordinadora presentou xa hai ben anos un plan para racionalizar a creación de servizos lingüísticos nas administracións locais que se baseaba na comarca para cubrir as necesidades de todo o territorio. A CTNL non pretende, somos realistas e responsables coa sociedade, que haxa neste país un servizo lingüístico por cada entidade local existente. Hai 314 concellos no territorio galego, uns grandes e outros non; uns cunha poboación considerable e outros case ermos. Non lle podemos esixir a toda e a cada unha destas entidades o mesmo esforzo económico. Haberá concellos que teñan que ter servizos propios e haberá outros que terán que compartir servizo lingüístico cos

concellos limítrofes. Esta é a liña central da proposta á que non se lle fixo caso.

Velaí o camiño para ter posibilidades de acadar unha estrutura firme de servizos lingüísticos, que sexan un dos cimentos nos que se asente a normalización lingüística e velaí a solución para as persoas que traballan neste ámbito con contratos lixo. Quizais sexa o camiño para que non se repita a frase: *¿cóllelo ou déixalo? Ti decides*. Esa frase que é común aínda, pois por debaixo do grupo 4 está o paro.

Manuel Bermúdez Blanco

A MODIFICACIÓN DA NORMATIVA DO GALEGO: UN PASO NECESARIO

En xullo de 1982 a Real Academia Galega, a proposta do ILG, aprobou as Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego. É ben sabido que tales normas produciron un intenso (e tenso) debate entre as diferentes correntes lingüísticas, que se traduciu na non aceptación de tales normas por unha parte relevante da nosa sociedade e, moi especialmente, de numerosos ensinantes de secundaria e de significados escritores e escritoras. Vinte anos máis tarde, aínda que talvez o sector discrepante diminuíse cuantitativamente debido ao peso da lei e ás esixencias burocrático-legais, porén, cualitativamente este sector seguiu a ser moi importante, pois sempre mantivo un indiscutíbel compromiso no uso e promoción do galego. A norma oficial continuou a se atopar con moitas resistencias após tantos anos, e estas resistencias non viñan precisamente dos sectores culturais ou sociais que se mostraban reticentes co uso do noso idioma, senón daqueles que mantiñan un maior dinamismo. Era evidente a necesidade dun acordo normativo que acadase un amplo consenso e puxese fin a unha

disputa que dificultaba a concentración de todas as forzas na defensa da normalización. Foi neste contexto cando a Xunta Directiva da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega tomou a iniciativa de lle propor ao Instituto da Lingua Galega unha estratexia conxunta para establecer unha modificación da normativa oficial co fin de que esta ampliase os seus apoios de xeito moi importante. Os resultados son coñecidos: formouse unha Comisión con representación desas dúas entidades e as tres universidades e, após ano e medio de conversas, chégase a unha proposta de acordo que se eleva á RAG a mediados do ano 2001. Lamentablemente, esta institución rexeitou facer seu tal acordo en novembro dese mesmo ano. Mais o traballo máis importante ficara feito, pois o acordo gozou dun amplo apoio social, sobre todo nos sectores máis afectados: ensino, industria do libro, escritores, funcionariado etc. Só restaba a sanción legal. Afortunadamente, a RAG, na súa nova etapa presidida por X. R. Barreiro, retoma con moito interese o tema e decide constituir unha Comisión paritaria

composta por catro académicos e catro representantes da Comisión promotora daquel acordo que ela anteriormente rexeitara. Esta nova Comisión eleva de novo ao Pleno da RAG un acordo con escasísimas diferenzas a respecto do anterior, resultando aprobado por maioría.

Non cabe dúbida de que as modificacións introducidas nas Normas Ortográficas e Morfolóxicas da Lingua Galega van lograr un amplísimo consenso que fará que en ámbitos tan importantes como o ensino non universitario e na Administración se use un só estándar lingüístico, o que representa unha conquista importante no proceso de normalización. Caso de persistiren outros modelos normativos no ámbito das publicacións especializadas, profesionais, ou mesmo da creación literaria, non considero que iso deba ser observado con grande preocupación, pois non semella ser un obstáculo real á normalización, dado o ámbito restrito da súa circulación e unha vez garantido o cumprimento da norma oficial por parte dos organismos e entidades comprometidas co presente acordo.

Con máis preocupación observamos a deixadez absoluta que estamos a contemplar na Administración á hora de “oficializar” de feito as recentes modificacións aprobadas. Semella “non ir con eles” e até o momento non se deron pasos para que o acordo teña real eficacia. Neste sentido, tamén terán de xogar un papel importante institucións científicas como o ILG, entidades pedagóxicas como a AS-PG, e asociacións cunha forte incidencia no funcionariado da Administración, como a CTNL. Se logramos que o acordo se converta en realmente efectivo, e agardamos que así sexa, teremos removido un obstáculo para a normalización do noso idioma e contribuído a garantirmos o seu futuro.

Alberte Ansedo

Ex-Presidente da AS-PG.


Membro da Comisión promotora do Acordo Normativo.

A HISTORIA DO (DES)ENCONTRO NORMATIVO PARA UNHA HISTORIA DO ESTÁNDAR GALEGO. AS PROPOSTAS DO PERÍODO 1966-1980

No pasado ano 2002 a UNED publicou este traballo de Serafín Alonso Pintos en que repasa o proceso de estandarización do galego escrito durante o período que vai desde o ano 1966, data na que Carballo Calero dá ó prelo a súa *Gramática elemental del gallego común*, ata 1980, ano en que a Xunta de Galicia publica as *Normas ortográficas do idioma galego*. Á hora de abordar este tema o autor divide a súa exposición en tres grandes bloques, centrándose en cada un deles en determinados aspectos que considera necesarios para explicar a creación do estándar, e que pasamos a comentar.

No primeiro bloque realiza unha sucinta exposición teórica e terminolóxica de carácter sociolingüístico en que expón os fundamentos do seu estudio. Deste xeito comeza falando da relación entre fala e escrita, e dos sistemas de escrita máis usados, para continuar coa delimitación e coa definición dos conceptos de norma e estándar, e finalizar cun apartado sobre a posición do galego entre as outras linguas románicas. É precisamente a adopción dunha perspectiva sociolingüística a que o leva a declarar en diversas ocasións que “a proposta de estándar non abonda con que sexa correcta desde o punto de vista da ciencia lingüística, senón que deberá ser *asumible* e *asumida* pola comunidade de fala” (cursiva nosa), afirmación de grande interese coa que o autor xustifica a súa toma de posición cara a un modelo “autonomista”, xa que un modelo “reintegracionista” non lograría a aceptación da maioría da sociedade galega.

No segundo bloque expón resumidamente o contexto histórico e sociocultural no que as propostas de codificación viron a luz. Con este obxectivo céntrase no papel desempeñado na promoción e no estudio do galego polas asociacións culturais da época (O Castro, O Facho, O Galo...), as cales mostraron un gran compromiso coa nosa lingua en plena dictadura; polo nacionalismo político, que non conseguiu unha implantación social significativa, e, ó contrario do que se podería pensar, a maioría seguiu a convención ortográfica maioritaria sendo a súa contestación máis marxinal; pola Igrexa, reacia a galeguizarse; pola educación, que sufriu a falta dunha norma no momento de incorporar o galego ó ensino; por diversas institucións, como a Real Academia Galega, que non puido responder, nin pode, ás expectativas para as que se creou, e a Universidade de Santiago, responsable da elaboración dos primeiros estudos científicos sobre a nosa lingua; e polos medios de comunicación, onde destaca o labor da revista *Grial* nun período de exclusión do galego das diversas publicacións.



No terceiro bloque Alonso Pintos céntrase nas distintas propostas xurdidas para a creación dun estándar unificado no período no que se sitúa o estudio, sen esquecer realizar conexións co que viña acontecendo con anterioridade e co que sucedería máis tarde, feito que lle axuda ó lector a acadar unha perspectiva máis global. Ademais das dúas propostas nomeadas ó inicio que serven de marco cronolóxico, son comentados os aspectos máis salientables e os problemas suscitados por propostas como as da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, polas que defendían unha apro-

ximación ó portugués e pola proposta recollida nas *Bases para unificación das normas lingüísticas do galego*. Como o autor sinala, o grande mérito desta última foi conseguir o consenso daqueles que participaron na súa elaboración e da maioría dos colectivos galeguistas, máis ó ano seguinte, no 79, recibiu as primeiras críticas de autores defensores do “reintegracionismo”, polo que a suposta concordia quedou rota. Iniciouse deste xeito un conflito entre dous posicionamentos irreconciliables, ó que non lograría poñer fin a que é denominada como terceira vía que conta co apoio dos “reintegracionistas de mínimos”.

A división nestes tres grandes apartados é precisamente o que facilita en gran medida a comprensión dun texto de carácter teórico como o presente, destacando o seu enorme didactismo á hora de presentar a información que conforma cada un deles. O certo é que ó rematar a lectura do ensaio quedamos coa sensación de que nada sobra nin falta, posto que tódolos datos resultan pertinentes, tanto os teóricos como os históricos e socioculturais, para entender en que ámbito se move o autor e en que contexto xurdiron as propostas que se nos presentan nos seus aspectos máis salientables, sen pretender a exhaustividade. Por tanto, os tres bloques están estreitamente interrelacionados aínda que nun primeiro momento poida parecer innecesaria a introdución teórica nunha obra que versa sobre a historia do estándar galego.

Por último, non podemos concluír o noso comentario sen agradecerlle ó autor que á hora de abordar o tema da elaboración dun estándar ortográfico, que como é ben sabido suscita numerosos debates desde hai anos, non convertese o seu ensaio nunha plataforma de ataque furibundo ás posturas contrarias á súa. Alonso Pintos sitúase dentro da órbita “autonomista” e xustifica a súa postura baseándose, como xa sinalamos, en motivos sociolingüísticos cos que se pode ou non concordar, pero en ningún momento chega a desprestixiar as posturas contrarias. O lector que se aproxime a este traballo, independentemente da súa opinión sobre o asunto, atopará unha achega que pretende ser obxectiva sobre a historia do estándar galego desde 1966 ata 1980.

Marta Negro Romero

Formularios básicos de procedemento xudicial en lingua galega: un camiño aberto cara a normalización do galego na Administración de xustiza

O 12 de xuño deste ano presentouse no Salón de Sesións do Concello de Ferrol o primeiro formulario xurídico en lingua galega, editado polo Consello da Avogacía Galega e financiado pola Consellería da Xustiza, Interior e Administración Local e pola Fundación Illa Couto. Esta nova ferramenta é o resultado do traballo dun amplo equipo interdisciplinar integrado por lingüistas con grande experiencia no eido da xustiza e profesionais do dereito especializados nos diferentes ámbitos que abordan os formularios. Coordinaron o equipo Antón Gómez Méixome e Alberte González Montañés, que xunto con Iolanda Galanes Santos e Marta Souto González forman o grupo de lingüistas. Polo campo do dereito participaron Xesús Costas Abreu (formulario administrativo), Luís Sanjiao García (formulario colexial e penal), Pilar Carbajales Laxe (formulario social e de familia) e Xosé Lois Brea Sanmartín (formulario civil). Ademais o equipo contou coa colaboración doutros moitos especialistas da área xurídica. O responsable da programación informática foi Domingo Otero Pérez.

Esta primeira publicación enmárcase nun obxectivo xeral moito máis amplo: o proxecto COM-FORMA, que se diversifica en dúas liñas de traballo complementarias:

1. Proxecto FÓRMULA, do que vemos agora o resultado, xa que consiste na realización dun formulario xudicial básico.
2. Proxecto LUX, que busca compilar un repertorio xurídico galego-castelán e castelán-galego, que, ademais de publicarse en papel, será a base para un programa de tradución e para un futuro dicionario xurídico galego.

O formato do proxecto FÓRMULA é un CD-ROM consistente nunha aplicación informática de edición de textos a partir de modelos básicos redactados con corrección xurídica e lingüística, que son en si os formularios. Este traballo véñese sumar ó camiño iniciado polo *Formulario notarial* de Víctorino Gutiérrez Aller, publicado pola Xunta de Galicia en 1998 co visto e prace do Servizo de Terminoloxía Galega (TERMIGAL); con todo, a ferramenta que presentamos hoxe ten unha perspectiva moito máis ambiciosa e moderna, tanto polo formato como pola elaboración técnica do proxecto.

A aplicación conta con máis de douscentos documentos clasificados en varios grupos e subgrupos, chamados *nodos*, para favorecer a súa busca:

- a. Formulario colexial
 - Xustiza gratuita
 - Quenda de oficio
 - Administración colexial
- b. Formularios xurisdiccionais
 - Formulario administrativo
 - Formulario civil
 - Xeneralidades
 - Da xurisdicción e da competencia
 - Dos procesos declarativos
 - Dos recursos
 - Do título executivo
 - Dos procesos especiais
 - Dos procesos monitorio e cambiario
 - Outros procesos
 - De familia
 - Formulario penal
 - Iniciación
 - Actuacións procedementais
 - Formulario social
 - Conciliacións
 - Demandas
 - Recursos
 - Execución de sentencias
 - Outros

Na árbore dos documentos inclúese, ademais da introducción e do equipo de traballo, unha terceira sección complementaria que non forma parte especificamente dos formularios. Leva por título "Outros documentos" e nela inclúense textos tan interesantes coma un breve manual titulado *A lingua dos documentos xurídicos*—do que falaremos logo— ou a desrición do proxecto e do traballo realizado.

Amais disto, ó introducirmos o CD-ROM no ordenador e auto-executarse, podemos atopar —á parte da presentación e doutras seccións puramente informativas— novos documentos na parte "Outros materiais": un dos máis útiles é unha Compilación de terminoloxía xurídica castelán-galego, en formato PDF. Consiste nun vocabulario que recolle as solucións terminolóxicas para o eido xurídico dos principais dicionarios e léxicos publicados ata agora, ademais de solucións propias do proxecto LUX. Daquela, contén terminoloxía desde o Léxico da Administración castelán-galego da Real Academia Galega (1991) ou o Vocabulario xurídico, aforismos e locucións latinas da Universidade de Vigo (1997) ata o Gran dicionario Xerais da lingua (2000). É, xa que logo, unha ferramenta moi útil, pois aforra o emprego de moitos materiais lexicográficos e ofrece a información contrastada das diferentes solucións: por medio dos códigos que veñen despois dos termos podemos

coñecer cadansúa fonte. Para contar de seguido con este útil material, o máis cómodo é gravalo en calquera lugar do disco duro e abrilo como un documento calquera co programa Acrobat Reader, que tamén se pode instalar desde o mesmo CD-ROM. Con todo, é unha mágoa que non accedamos a el directamente a través do programa de formularios unha vez instalado, pois é moi práctico poder consultalo no momento da redacción individual dos textos. Esta é quizais unha mellora aconsellable para futuras edicións.

Nesta mesma sección tamén hai unha pequena escolma de fragmentos de textos normativos que aluden ó status legal da nosa lingua, facendo especial fincapé no campo da xustiza: son da Constitución española (CE), do Estatuto de autonomía (EA), da Lei de normalización lingüística (LNL), do Estatuto de creación do Consello da Avogacía Galega (CAG), da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias e da Carta de dereitos dos cidadáns perante a Xustiza.

Funcionamento do programa

Logo de instalar o programa no ordenador, ó executalo atopámonos coa pantalla da imaxe 1.



Imaxe 1: Pantalla inicial do programa.

A partir dela pódese acceder a cada un dos formularios, modifícalos, pórllles nomes diferentes, darlles o formato que consideremos adecuado, crear e eliminar novos documentos e grupos (nodos), etc., traballando de maneira semellante ós programas de redacción de textos que calquera usuario pode coñecer. Na parte superior da imaxe temos a árbore dos formularios e na inferior unha visión previa do documento marcado. Con todo, para traballar en cada texto, debemos seleccionalo para que apareza a pantalla de edición de textos (imaxe 2), a través da cal poderemos modificar e editar o formulario ó noso gusto, gravalo cun novo nome e colocalo en calquera lugar da árbore, utilizar os comandos habituais dos programas de edición de textos (cortar, apegar, copiar...), etc. O funcionamento xeral é abondo sinxelo. Cómpre salientar que os documentos que veñen por defecto no programa non se poden renomear nin eliminar e, para que os cambios que introduzamos neles sexan permanentes, temos a obriga de asignarlles outros nomes. Esta é unha medida de seguridade para que os textos orixinais sigan a manterse como base no programa, sen prexuízo das múltiples modificacións que poidan realizar os usuarios.



Imaxe 2: Pantalla do propio editor de textos.

Outra ferramenta moi interesante que ofrece o programa é a posibilidade de filtrar os formularios a través dunha palabra: é dicir, buscamos todos os documentos que conteñen determinado vocábulo, para non termos que chegar a eles a través da árbore. Esta opción é especialmente útil para acceder de maneira rápida ós formularios que conteñan termos chave, segundo os procedementos xudiciais que os profesionais da avogacía leven en cada momento.

Os formularios están redactados dun xeito básico á mantenta. Non se busca unha uniformidade, senón deixarlles liberdade ós avogados para que personalicen a súa redacción dentro dunhas pautas estilísticas esenciais. Para axudalos especialmente nas secuencias que teñan que crear de maneira libre, o programa inclúe un breve manual, *A lingua dos documentos xurídicos*, con indicacións xerais para mellorar o estilo dos textos da xustiza. Accédese a el a través da árbore principal desde o nodo "Outros documentos". Neste manual, logo de varias partes máis xerais e introductorias, destacamos polo seu interese a titulada "Principios que rexen a produción de textos xurídicos de calidade". Nesta sección enuméranse os criterios éticos (legalidade, comprensibilidade, etc.) e formais (obxectividade, corrección, sinxeleza, etc.) que deben aplicarse neste tipo de redacción. Tamén é de obrigada lectura o punto "Decálogo para a redacción de documentos xurídicos": con base nos documentos do programa expónse as principais regras para acadar unha boa redacción xurídico-administrativa (resumimos entre parénteses os contidos de cada número):

Estructura (fai especial referencia á boa ordenación dos contidos e a unha estrutura sinxela de recoñecer)

Linguaxe democrática (aconsella evitar a linguaxe sexista e desbotar calquera discriminación social)

Redacción concisa (propón eliminar as repeticións innecesarias, os xiros con verbos baleiros de significado, etc.)

A oración (establece a preferencia pola orde non marcada, agás cando a esixa a estrutura informativa)

Enlaces precisos (a súa función debe ser contribuir a organizar mellor o texto)

Sintaxe da lexibilidade (aconsella darlle prioridade á voz activa, evitar o uso excesivo de nomes para os conceptos que se poden expresar mellor con verbos...)

Léxico e terminoloxía (explica a importancia de coidar a exactitude dos termos e de evitar construcións arcaicas)

Puntuación (unha puntuación correcta axuda a comprender mellor o contido)

Ortotipografía (dálle especial valor ó uso coherente dos recursos tipográficos)

Composición da páxina (é necesario que permita distinguir o esquema do documento, as partes principais ou importantes, etc.)

Os contidos deste pequeno manual son só liñas de referencia, que deben completarse con outro tipo de material lingüístico: dicionarios, gramáticas, outros manuais, etc. Con todo, para facer unha revisión rápida dos textos, o mesmo manual ofrece un apéndice cos erros ortográficos, morfosintácticos e léxicos máis comúns na redacción xurídica e administrativa.

A metodoloxía de traballo deste proxecto —e dos posteriores do equipo COM-FORMA— ten como alicerce principal a colaboración real e eficaz entre lingüistas e xuristas en practicamente todas as fases do traballo, formando un grupo pluridisciplinar estable. Esta é a base necesaria para que un proxecto terminolóxico teña difusión e uso posterior e contribúa ó cambio lingüístico que se busca. A maneira de que o colectivo "receptor" —neste caso os avogados— sexa proclive á mellora estilística e ó cambio lingüístico é facéndoo partícipe do proceso, contribuíndo desta maneira a que se sinta integrado e non simple observador e usuario. Ademais, ninguén mellor có especialista é quen de coñecer a fondo a materia de traballo e o medio real no que se pretende implantar o produto terminolóxico. Só deste xeito é posible lograr un consenso real e eficaz na linguaxe xurídica galega, algo imprescindible para que a normalización neste eido supere algúns dos obstáculos que a pexan, neste caso os terminolóxicos. Xa que logo, consideramos que esta é a liña ideal de traballo para calquera proxecto deste tipo e felicitamos os seus autores por esta brillante iniciativa e polo resultado final do traballo.

A difusión destes *Formularios básicos de procedemento xudicial en lingua galega* faina o Consello da Avogacía Galega entre o colectivo dos avogados a través dos seus respectivos colexios profesionais. O programa está deseñado para a actualización automática a través da rede internet cando se inclúan novos formularios, terminoloxía, etc. Para isto poderá consultarse a páxina do Servizo de Aesoramento Lingüístico do Consello da Avogacía Galega:

<http://sal.avogacia.org/cdconformalformula.htm>

Desde esta páxina tamén se pode baixar e instalar o programa de balde, para Windows 95, 98, Millenium, XP, NT e 2000. Ademais, tamén se editou unha versión en formato libro, que inclúe os formularios e toda a documentación adicional do CD-ROM.

O MEDO ÁS RADIOGRAFÍAS

"Son gardadas as Illas polas ledas candorcas fillas do Sol para lle indicar por sempre ás xentes da lingua nosa un aceno de teimosa constancia fronte ao adverso"

Xosé Luís Méndez Ferrín, *Estirpe*

1

A vertixe é máis común do que pensamos. Coñecín unha camareira en Vigo que camiñaba deslizando a man sobre o que tiña arredor para non perder o equilibrio, para non caer. As paredes do bar, a barra, as columnas, as mesas, as cadeiras. E cando saía do traballo deslizaba as mans polas paredes, os muros, os edificios das rúas, coa man como un gancho de tranvía, para non se desequilibrar e caer estomballada a causa da vertixe. Ás veces sangraba polos cotenos.

Probas craneo-corpográficas, optoquinéticas, electronistagmografías, foron continuas para descubrir o tipo de vertixe que a fería. Un mapa do cerebro para coñecer a orixe e a xeografía do desequilibrio. Iso é imprescindible para iniciar a terapia de recuperación.

O mesmo sucede co proceso de normalización da nosa lingua. A publicación do Consello da Cultura *Educación - O proceso de normalización do idioma galego, 1980-2000* confirmase como unha excelente radiografía do corazón da lingua no tramo de idade escolar. Outros informes sobre o mundo do ensino, como o GALBREUS da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, ou estudos e ensaios anteriores xa viñan anunciando a catastrófica situación da lingua nas camadas infanto-xuvenís. E seguiremos tendo medo das radiografías.

Máis, aí!, agora resulta que aínda hai xente que ve pasar a muller sen equilibrio polas rúas de Vigo, cambaleando, camiñando case sen se manter en pé, e afirman que non pasa nada. Como aquel que di *O galego ten unha saúde de ferro. Ou A convivencia entre as dúas linguas é exemplar. Todo va bien. Ou, noutro contexto, Las playas están esplendorosas.*

Hai moito que facer aínda. Unha intervención planificada no mundo do ensino é prioritaria. Non houbo unha planificación lingüística que conseguise alcanzarlle ás mans da cidadanía a corda da polea que erguese cara ao futuro a nosa lingua. Galiza segue desorientada, o proceso de normalización anda aos tombo, a lingua fica sen equilibrio, e corremos o risco de caer ao chan de cabeza. O estudo do Consello da Cultura Galega sobre o proceso normalizador en Educación é un bo instrumento para coñecer o alcance do trauma, as súas causas e posibilidades terapéuticas.

Penso que agora lle vai mellor, á camareira de Vigo.

2


A escola debe **DESENVOLVER AS HABILIDADES SOCIOLINGÜÍSTICAS** da comunidade escolar. Entendemos que as habilidades sociolingüísticas son aquelas que levan a resolver situacións lingüísticas de xeito efectivo, en relación coas persoas e os contextos sociais. Son imprescindibles para a resolución de conflitos e situacións lingüísticas cotiás e repercuten no desenvolvemento social a longo prazo, proporcionando aceptación persoal, seguridade e autoestima por parte dos axentes sociais.

O ENSINO VÉN CONCENTRANDO OS MAIORES ESFORZOS NA INTERVENCIÓN NORMALIZADORA DOS ÚLTIMOS ANOS. FALA CON NÓS DESDE O PASADO E A EXPERIENCIA. CENTOS DE EQUIPAS DE NORMALIZACIÓN, CENTOS DE PROFES E DE ALUMNOS E ALUMNAS VEÑEN REALIZANDO APLICACIÓNS DE DIVERSA ÍNDOLE –COMO PODEMOS LER NO INFORME DO CONSELLO DA CULTURA–.

O concepto de habilidade non significa que sexa un trazo de personalidade máis ou menos innato, senón máis ben un conxunto de comportamentos aprendidos e adquiridos. De aí a importancia de sermos conscientes de que a Escola é unha plataforma que pode producir cambios na traxectoria comunicativa dos/as participantes a favor do galego. Do alumnado, do profesorado e máis das familias e o persoal non docente. O proceso de normalización lingüística é un proceso de concienciación, aprendizaxe e asunción dos valores, habilidades

e usos comunicativos en galego. E iso é un grande traballo como para que siga recaendo baixo a responsabilidade duns poucos centos de persoas.

É importante sinalar que **NON SE PODE DEIXAR O PROCESO DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO CAMPO EXCLUSIVO DAS ACCIÓNS INDIVIDUAIS COMO MOTOR DO PROCESO DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL**. E neste momento tanto o isolamento como o despacho do director xeral de política lingüística. O proceso de normalización do galego debe articularse inexcusable e imprescindiblemente a través dunha rede social e de multitude de axentes sociais, cunha importancia capital da administración autonómica á hora de impulsar a conciencia de **PROXECTO COMÚN DA CIDADANÍA**, o da recuperación progresiva da normalidade para a nosa lingua.



En tanto non se articule unha rede normalizadora, o reto dos –voluntarios/as–axentes actualmente preocupados pola normalización seguirá a ser a procura de avances puntuais e locais, xa que non contamos co apoio superestructural dunha **PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN XERAL** de cara á normalización da nosa lingua no ensino.

Ben é certo que se unha grande responsabilidade da inexistencia dese tecido cooperativo recae sobre a incompetencia do goberno do Partido Popular, tamén temos que reflexionar sobre o grao de responsabilidade dos axentes máis concienciados sobre o tema da lingua á hora de procurar estratexias para desbloquear a desafección social que envolve o proceso de desgaleguización.

Esa foi a grande desgracia da teoría do bilingüismo harmónico impulsada polo anterior director xeral de política lingüística, o señor Rigueiro Tenreiro: tivo éxito. E a miraxe dun país en pax lingüística e cunha lingua galega de saúde excelente desmobilizou e pasivizou unha cidadanía que, de seguro, diante dun reto estimulante, **UN PROXECTO COLECTIVO A FAVOR DA LINGUA MINORIZADA**, con proxectos de acción positiva, respondería –respostaremos– doutro xeito, sensíbel, ao porvir da propia identidade colectiva.

3

Na publicación recóllese tamén unha lectura dos avances do galego no ensino. A maior presenza da lingua nos centros é evidente; a atenuación de diversos prexuízos, tamén; o impulso de numerosos centros a favor da galeguización, ídem. Ou a galeguización administrativa ou o papel activísimo de numerosos profesionais do ensino. Vale. Se fosemos ecoloxistas, como dicía Tusón, teríamos que compracernos coa panorámica das paisaxes virxes, extasiarnos coa visión da fauna selvaxe,

gozar coa contemplación da natureza pura. Mais tamén como bos ecoloxos debemos denunciar coa mesma emoción os atentados ao medio ambiente, a destrución dos recursos naturais ou a contaminación do noso entorno.

E por iso é responsabilidade de moitos e moitas dos que estamos a ler estas páxinas transmitir a idea cívica da existencia cidadá ás autoridades competentes. Por favor, veña, fagan algo dunha vez... Que xa estamos aburridíños de pedir...

Eh, non te relaxes!: Nin un paso atrás.

E que di a radiografía, señor doutor?

Pois mire, aquí na páxina 310 pon: "A perspectiva que tiramos a este respecto é que a Administración educativa non apoia o suficiente nin colabora en toda a medida necesaria o proceso de normalización lingüística, e esta percepción faise máis patente cando o apoio, a colaboración e mesmo o asesoramento se lle pide desde aqueles centros escolares que máis apostan pola utilización do galego".

4

Podemos chamar sociocriatividade aos procesos comunitarios impulsados por accións creativas que procuran a transformación social de actitudes e comportamentos. O proceso de normalización da lingua galega debe comprenderse como un proceso sociocriativo polo que só coa participación de múltiples axentes sociais se poderá impulsar un cambio comunitario no status, función e usos da lingua galega. É un proceso que non debe ter en conta só o grupo galego-falante –apenas existente na mocidade urbana– senón que debe incorporar ao proxecto ao grupo bilingüe diglósico e ao monolingüe en castelán.

A comunidade é pois destinataria dos programas de recuperación da lingua mais sobre todo, debe facerse protagonista dun proceso de cambio social. O ámbito do ensino, tres cuartos do mesmo.

O ensino vén concentrando os maiores esforzos na intervención normalizadora dos últimos anos. Fala con nós desde o pasado e a experiencia. Centos de equipas de normalización, centos de profes e de alumnos e alumnas veñen realizando aplicacións de diversa índole –como podemos ler no informe do Consello da Cultura–. Mais hai unha cousa que semella pasar desapercibida e que apunta a publicación da que estamos a falar. Mentres a realidade lingüística da mocidade e a infancia variou notablemente a favor da desgaleguización, as formas de intervención institucionais e non institucionais semellan non ter mudado co paso do tempo. O anacronismo é un inimigo grande como un coitelo oxidado.

A publicación do Consello da Cultura Galega detecta outra eiva no proceso de normalización da escola. A ver. Nunha sociedade onde a cultura se cria e transmite cada día con máis intensidade fóra do núcleo familiar e do contexto escolar formal, cómpre ter en conta a extensión de programas de desenvolvemento do galego nos ámbitos de ocio e tempo libre da mocidade.

É dicir, teñamos coidado con non confundir os sectores de idade da adolescencia e a infancia cun dos ámbitos da súa socialización, o espazo do ensino regrado.

O mundo do ensino fala con nós desde a experiencia, máis tamén quere falar con nós, –a comunidade escolar, a sociedade fóra das aulas– sobre o futuro. Gracias Castelao, gracias Carvalho Calero, graciñas Portas, Maurício Castro, obrigado; e tamén gracias Bouzada, Fernández Paz e Lorenzo Suárez. E agora continuaremos, despois de fechar o libro. As novas xeracións de técnicos e técnicas en normalización ou sociolingüistas de cuarta xeración están a incorporar na súa bagaxe de formación disciplinas que xa é hora de aplicar ao mundo do ensino: educación social, socioloxía, psicoloxía social, animación sociocultural, desenvolvemento comunitario, mercadotecnia, educación emocional, en valores, etc, son apoios teóricos e prácticos que deben superar as tradicionais intervencións culturalistas –magosto, nadal, letras galegas– e reforzar a programación dun Plan Xeral de Normalización para o ensino que **AÍNDA** non existe.

Mais no que todos e todas debemos participar. Un país enteiro.

Sechu Sende

A Asociación Galega de Profesionais da Traducción e da Interpretación

A mediados de 2001 xorde en Galicia a **ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI)**, dúas actividades que cada día contan en Galicia cun maior número de profesionais perfectamente capacitadas/os para desenvolvelas. A idea das fundadoras da AGPTI era a de crear unha plataforma de traballo conxunto para todas/os esas/es profesionais que traballan en Galicia, vista a precariedade das súas condicións laborais e as dificultades deste colectivo para facer oír os seus intereses naquelas instancias que poderían provocar o cambio nesta situación. Por outra banda, xunto á importancia que a traducción e a interpretación teñen nos ámbitos xurídico, administrativo, técnico, científico, literario, etc., pola súa función de ponte na comunicación entre linguas e culturas distintas, no caso do galego a súa relevancia é maior aínda, dada a súa función de ferramenta de normalización e normativización da lingua: a traducción e a interpretación facilitan o acceso de tódalas galegas e tódolos galegos ós máis diversos campos do saber na súa propia lingua e posibilitan a igualdade de condicións das/os galegofalantes en tódalas situacións comunicativas.

Así, os principais obxectivos da AGPTI, tal e como se recolle nos seus estatutos, son:

Contribuír á mellora das condicións laborais das/os tradutoras/es e intérpretes no mercado galego a través da relación con empresas, clientes e institucións implicadas na actividade profesional da traducción e da interpretación.

Promover o uso da lingua galega no mercado da traducción e da interpretación en tódolos sectores económicos galegos.

Proporcionar ás/os profesionais da traducción e da interpretación posibilidades de formación continuada non formal.

Proporcionar un centro de recursos materiais e humanos para as/os profesionais da traducción e da interpretación.

Proporcionar asesoramento legal, administrativo e de calquera outro tipo que as/os profesionais da traducción e da interpretación poidan precisar.

Durante estes seus dous primeiros anos de andaina a directiva da AGPTI centrou os seus esforzos na elaboración dun documento de estándares profesionais para as/os tradutoras/es e intérpretes, no que se recollen as obrigas e dereitos básicos das/os profesionais deste sector para un desenvolvemento eficaz e digno da súa profesión, ó tempo que se tratan outras cuestións coma a das tarifas, contratos de arrendamento de servicios, lexislación relevante, etc.

Leváronse tamén a cabo, en colaboración coa Asociación de Tradutores Galegos (ATG), distintos actos de denuncia de situacións indignas que afectan ó colectivo de tradutoras/es e intérpretes galegos, como o encargo por parte das autoridades galegas da traducción de textos relacionados co caso Prestige a non profesionais ou a caída das tarifas no mercado da traducción literaria.

No tocante a actividades de formación celebrouse, en maio de 2003, un curso sobre *Aspectos fiscais e xurídicos para profesionais da traducción e da interpretación*. Este curso despertou un gran interese entre as/os profesionais e a xente en formación no sector, o que resultou nun número elevado de participantes e nun intercambio productivo de información e opinións variadas.

No seu ánimo de chegar ó maior número posible de profesionais, a AGPTI crea, na primavera deste 2003, unha páxina web na que se pretende facilitar toda a información de interese para as/os súas/seus socias/os ou para calquera tradutor/a, intérprete ou corrector/a. Esta web tentará tamén servir como fonte de información sobre a profesión para tódolos sectores da sociedade. A páxina, actualmente aínda en proceso de desenvolvemento, conta con varias seccións informativas:

Un apartado denominado "Arquivo", aínda en construción, no que se pretende poñer a disposición da/o visitante unha serie de documentos de interese, comezando polos estatutos da asociación.

Un directorio de asociadas/os, no que se poden atopar os datos básicos de contacto das/os integrantes da AGPTI, así como as súas linguas de traballo.

Un apartado sobre as tarifas mínimas recomendadas, condicións dignas de traballo e definicións de termos relacionados co exercicio da traducción e a interpretación.

Un taboleiro no que se ofrecerá información actualizada das actividades da asociación, ademais de noticias que poidan ser de interese para as/os asociadas/os.

Unha sección con ligazóns útiles.

Información de contacto coa AGPTI.

A web da AGPTI pretende ser un espazo aberto á comunicación, polo que tódalas/os visitantes, sexan asociadas/os ou non, están convidadas/os a achegar ideas, información ou calquera outra colaboración que na súa opinión poida ser de axuda.

Durante o vindeiro ano, a AGPTI pensa seguir traballando no desenvolvemento asociativo, coa formación dos seus membros en temas de xestión asociativa e a creación de catro comisións de traballo que se ocuparán dos temas seguintes: facilitar atención e apoio ás/os asociadas/os, coordinar actividades de promoción da profesión, realizar actividades de formación para as/os asociadas/os e establecer unha comunicación o máis fructífera posible con outras organizacións, institucións, etc.

Unha das próximas accións que a AGPTI pretende emprender consiste na elaboración de dous folletos informativos, un sobre a traducción e outro sobre a interpretación, nos que se definan as características dun/ha profesional nestes campos mailas súas condicións básicas de traballo e cos que se intentará concienciar á sociedade sobre a presenza de profesionais da traducción e interpretación ó galego e sobre a importancia do uso da lingua nestas actividades. Ámbolos dous folletos serán presentados a axencias e institucións como medio de publicidade para a asociación e o colectivo que representa.

Ademais, a AGPTI pretende establecer o maior número de vínculos posible con outras asociacións similares a nivel internacional, con vistas a traballar de maneira conxunta, compartir informacións e datos e, en definitiva, contribuír ó recoñecemento internacional de tódalas/os profesionais que traballan no campo da traducción e da interpretación.

Para visitar a web da AGPTI: www.agpti.org

Para escribir á asociación: agpti@eresmas.com

Blanca Rodríguez Rodríguez
Larisa Santos Suárez

Obradoiros *Máis Alá* de lingua e sociedade, unha aposta pola normalización lingüística da mocidade

Hai persoas bífidas?

Ligas en galego?

Coñeces o antídoto contra esa forza misteriosa que é a vergoña de falar galego?

Pensa tres formas de gozar coa lingua.

Estas son algunhas das preguntas que os Obradoiros *Máis Alá* lles formulan aos e ás adolescentes.

Uns Obradoiros que queren espertar o seu interese ou enriquecer a sensibilidade que xa teñen pola nosa lingua, analizar con eles e elas as razóns e proporlles camiños para empregar na súa vida cotiá.

Os debates, a polémica, os problemas, as inseguridades, os éxitos, os pasos adiante, os segredos, os retos, as aventuras, a información, a vida diaria, o sentido da lingua forman parte dos contidos que traballamos coa mocidade.

Porque eles e elas forman parte desta experiencia colectiva, porque a lingua é un proxecto común!

Que son para os rapaces e rapazas os Obradoiros *Máis Alá* de Lingua e Sociedade?

Un lugar onde buscan experiencias novas para o tempo libre, unha actividade atractiva e divertida, onde falamos da lingua con creatividade, falando das súas vidas e das cousas que lles interesan e preocupan, afrontando retos sorprendentes, mesturando o tempo de traballo e o tempo de lecer.

Para que rapaces e rapazas os Obradoiros *Máis Alá*?

Para as que falan castelán e ás veces galego.

Para os que falan galego e ás veces castelán.

Para as galego falantes.

Para todas e todos.

¡Mocidade!

Agora cómprevos a vós dicir, mozos da nosa Terra. Se pensades seguir indo costa abaixo polo tempo ou encararvos co porvir.

Se queredes libertarvos do xerme da vellez e da morte.

Se queredes adornarvos da vosa mocidade ou seguir sacrificándoa nun altar de Mitos e Fracasos.

Cómpre romper a marcha pola mesma estrada que fagamos cos nosos pasos, e afrontar en ela unha peligrinaxe sen chegada, porque en cada relanço do camiño agárdanos unha voz que nos berra: *Máis Alá!*

Álvaro Cebreiro, Manuel Antonio
¡Máis Alá!, 1922

*De aquí nacen os Obradoiros *Máis Alá* de lingua e Sociedade*, da preocupación pola situación de desgaleguización na que se encontra a mocidade galega, do espírito novo e rompedor do Manifesto *Máis Alá* e da forza dun Colectivo - o Colectivo Bambán- que soñou o artellamento de espazos en galego e para o galego na mocidade.

Unha rede de peixeira que vai polas nosas praias e tamén polos ríos e as autoestradas, un camiño de participación e creatividade aberto aos mozos e mozas galegos, con excelentes actitudes lingüísticas e con moita forza para tronzar o universo.

Na actualidade, e como sempre, as persoas, e neste caso os e as adolescentes buscan experiencias novas e lugares onde participar, onde se escoiten as súas inquedanzas, os seus desexos e onde se conte tamén con eles e elas para andar o camiño que si leva a algunha parte.

Contra a apatía, contra o medo, contra a forza que nos leva a pensar nunha mocidade desmotivada e apática, contra os e as que están de volta de todo, contra a desidia...

Procurando novos espazos de expresión e liberdade, de reflexión e crítica, e sobre todo de participación.

Esta é a metodoloxía dos Obradoiros, esta é a forma de traballo da Cooperativa Tagen Ata no camiño da normalización lingüística da mocidade, esta é unha aposta na que nos deixamos a pel e até os ósos.

Quedarán incrédulos, sobrarán escépticas que sosteñan que todo xa está ensaiado, que somos ilusos e ilusas inocentes; mais a proba está aí, van xa catro cursos de frenética actividade, catro anos que nos fixeron pasar de Colectivo Bambán a Cooperativa Tagen Ata, catro anos nos que naceu a nosa aposta pola profesionalización deste xeito de traballar, do traballo normalizador na sociedade como unha aposta aberta e participativa, sociocreativa e nova, como a roda do muíño das novas tecnoloxías, da lingua e do futuro; a roda do muíño do lugar común, dos espazos para a normalización e a participación arredor da lingua.


Tagen Ata

UNHA CALA NA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA NA CIDADE DE VIGO

No ano 2002, un equipo de investigadores dos departamentos de estatística, socioloxía e filoloxía galega da Universidade de Vigo, coordinados polo profesor Antonio Vaamonde, realizou o segundo estudo sociolingüístico da cidade de Vigo por encarga do departamento de normalización lingüística do concello vigués. No ano 1997 elaborárase un primeiro estudo, que deu pé á publicación dun informe cos resultados e conclusións principais. Cinco anos despois, repetiuse a investigación cun cuestionario de preguntas practicamente idéntico.

O cuestionario da enquisa, composto por 37 preguntas, incluíu as preguntas propias dun estudio demolingüístico que tiña por obxecto pescudar nun feixo diverso de indicadores sociolingüísticos: a) lingua inicial e competencia na lingua galega; b) lingua habitual dos vigueses e frecuencia de uso da lingua galega; c) usos lingüísticos específicos; e d) actitudes e opinións de contido lingüístico e sociolingüístico.

Os resultados do estudo presentan unha radiografía dos trazos sociolingüísticos máis relevantes para entendermos a situación da lingua galega e a valoración social que suscita entre os residentes na cidade viguesa. Con respecto á LINGUA INICIAL, o 47% dos vigueses aprendeu a falar en castelán, en tanto que o 31% manifesta que aprendeu a falar nas dúas linguas, e o 22% sinala que aprendeu a falar en galego. Con respecto á LINGUA HABITUAL, o 14,3% dos cidadáns vigueses usa só a lingua galega, o 16,9% usa máis galego ca castelán, o 32,4% utiliza máis castelán ca galego, e o 36,4% usa só o castelán. Temos, *grosso modo*, que un tercio dos vigueses son monolingües en castelán, outro tercio son bilingües con predominio do castelán, e o tercio restante componse de monolingües en galego e de bilingües con predominio do galego. Visto desde outra perspectiva, a metade dos vigueses manifesta ser bilingüe –con preminio dunha ou doutra lingua–, mentres que a outra metade sinala ser monolingüe en galego ou en castelán.



Con respecto á evolución temporal da lingua habitual durante a vida dos entrevistados, resulta salientable a relativa estabilidade da elección realizada. Así, o 81% manifestou que non cambiaran de lingua habitual ó longo da vida, o 12% di que pasou de usar máis castelán a utilizar máis galego, e o 7% restante sinala que pasou por un proceso inverso ó anterior, é dicir, de máis galego a máis castelán.

En relación co grao de dificultade percibido polos entrevista-

dos para entenderen, falaren, leren e escribiren en galego, a FALA en galego presenta algunha dificultade para o 21,6% dos vigueses, e moita dificultade para o 5,7%, en tanto que na LECTURA e na ESCRITURA os problemas aumentan: así, o 7,3% dos vigueses manifesta ter moitas dificultades para ler en galego, e o 13,7% manifesta ter moitas dificultades para escribir en galego.

Co fin de afondar nos usos sociais da lingua, mostramos as preferencias lingüísticas dos cidadáns en diferentes situacións comunicativas. Así, preguntamos pola lingua empregada en seis situacións de interacción: cando lle preguntan algo na rúa, cando chaman por teléfono, cando van mercar nunha tenda, cando se dirixen ó concello para solventar algún trámite ou xestión ante a administración municipal, cando realizan algún trámite na administración de facenda de Vigo, e cando interactúan cun superior no ámbito laboral. A porcentaxe de vigueses que usan só o castelán é inferior ó 50% en tódalas situacións anteditas agás no trato co superior no traballo, que supera aquela porcentaxe.

Incluímos no cuestionario un conxunto amplo de preguntas destinadas a coñecer as opinións dos vigueses ante as linguas en contacto, ante a pertinencia do galego en determinados ámbitos e situacións de uso, e ante as actividades de extensión e de promoción da lingua desde a administración local viguesa. Mostramos a continuación un par de exemplos especialmente significativos das avaliacións lingüísticas dos enquisados.

Sobre o grao de utilidade percibido, o 65,4% manifesta que o galego é tan útil coma o castelán, o 26,3% indica que o galego é menos útil có castelán, finalmente, o 8,3% sinala que o galego é máis útil có castelán. E sobre a pertinencia da presenza do galego en diferentes ámbitos sociais –xulgados, medios de comunicación, actos relixiosos, acontecementos deportivos, festas e romarías, conferencias e charlas, e universidade–, unha ampla maioría, en case todos os casos máis do 70%, opina que lle parece ben o uso do galego nesas actividades, sendo máis favorables á presenza do galego nas festas, romarías, conferencias e charlas, e medios de comunicación, por esta orde.


Respecto da esixencia de coñecemento da lingua galega para optaren ó desempeño de determinados postos de traballo na administración –local, autonómica ou do Estado–, tamén unha ampla maioría considera que debe coñecerse para traballar en calquera delas; así, ó 85,4% dos entrevistados (77,3% en 1998) parécelle ben que se esixa o galego para traballar na Xunta, ó 85,9% (77,5% en 1998) parécelle ben esa esixencia lingüística para traballar no concello, e ó 81,0% (67,4% en 1998) tamén lle parece ben para traballar na administración do Estado.

Preguntados sobre a lingua que deben empregar distintos persoeiros públicos, a preferencia oríentase cara ó uso só do galego por parte dos políticos galegos nas súas intervencións públicas (así o indica o 54,8% dos entrevistados), mentres que o 42,3% considera que deben usar indistintamente as dúas.

Con respecto á lingua que deben empregar os representantes dos estamentos deportivos, a opinión maioritaria é a de que empreguen indistintamente as dúas linguas cos socios, nos medios de comunicación, e con todo tipo de interlocutores.

Se pasamos, finalmente, a considerar as opinións sobre a lingua que deben usar persoas do ámbito do concello de Vigo, case a metade dos vigueses considera que na atención dos traballadores municipais ó público, nos anuncios e en calquera outro tipo de documentación escrita, nas actividades deportivas e na policía municipal débense incorporar tanto o galego coma o castelán, mentras a outra metade pensa que debe utilizarse só o galego. O 53,3% dos cidadáns vigueses manifesta que o alcalde e mailos concelleiros municipais deben facer uso só do galego nas súas intervencións públicas.

Tocante á evolución da situación desde 1998, data do primeiro estudo, ata o ano 2002, constatamos que, en xeral, os resultados sociolingüísticos son moi semellantes. Os cambios máis relevantes desde a perspectiva cuantitativa son os que se detectan na competencia lingüística en galego, por un lado, e na realización de actividades de formación lingüística, por outro. Na competencia lingüística, conséntase o descenso da porcentaxe de individuos con dificultades á hora ler e escribiren en galego, e, paralelamente, o aumento dos que manifestan non ter ningún tipo de dificultade para desenvolver esas destrezas activas en galego. Nas actividades de formación lingüística, o 47,3% dos entrevistados non realizou ningún tipo de actividade formativa en galego, dez puntos por debaixo do observado no ano 1998, ó tempo que aumenta a porcentaxe de cidadáns con estudos de galego no ensino primario (o 9,8% fronte ó 6,2% de 1998) e na educación secundaria (o 38% fronte ó 33,2% de 1998). Ademais, o 18,4% dos vigueses realizou algún dos cursos de galego para adultos organizados pola Xunta de Galicia, fronte ó 9,3% detectado en 1998.



Esta é unha mostra dos indicadores da situación sociolingüística actual na cidade de Vigo. As políticas lingüísticas, as municipais entre elas, poden ter efectos sobre as realidades sociolingüísticas, pero os seus efectos poden resultar difíciles de detectar e de observar nun prazo relativamente curto de tempo.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Universidade de Vigo

OBRADOIROS DE REGUEIFAS

Nos últimos anos os maiores esforzos dinamizadores do SNL do Concello de Vigo teñen como destinataria a poboación máis nova: ¿Xogas? En galego podemos, *Ciberlingua*, *Obradoiros de lingua e sociedade Máis Alá...* son algunhas das actuacións, ás que recentemente engadimos os OBRADOIROS DE REGUEIFAS.

A idea de realizarmos estes obradoiros presentounola a asociación ORAL de Galicia (oralidade, rima, arte e lingua), como un chamamento á administración cara a recuperar a expresión popular, e en concreto a arte do desafío oral improvisado en verso: a regueifa.

A REGUEIFA

Semella que hai xa algún tempo, era tradición que antes do banquete de voda, a parella ofrecéralle á veciñanza que non fora invitada un bolo de pan: a regueifa.

Para ver quen tería a honra de repartilo, retábanse dialécticamente entre eles en verso, meténdose uns cos outros, cos contraentes ou coas familias destas. Quen máis enxeño e mordacidade amosase era quen debería repartir o bolo. Co tempo, esta tradición común entre agricultores e gandeiros converteuse nun xeito de pasar o tempo, e mesmo un modo de espectáculo nas festas patronais, pero foi deixándose de practicar e na actualidade está case desaparecido (quedan ao redor de 10 regueifeiros activos).

En Vigo, dende hai sete anos ten lugar un certame internacional de regueifas, no que este ano participaron catro alumnas dos obradoiros de regueifas dos que pasamos a falar.

OBRADOIROS DE REGUEIFAS

Presentámoslles aos equipos de normalización esta actividade, dirixida para o alumnado de ESO, e oito foron os centros nos que “experimentamos” estas sesións. Sesións que foron impartidas por Luís Caruncho e Pinto de Herbón nos propios centros de ensino.

Con estes obradoiros pretendemos achegarlle ao alumnado o fenómeno da poesía oral improvisada, e asemade espertar posíbeis vocacións (como de feito está a ocorrer).

A compoñente didáctica oríentase ao campo da literatura, á escenificación, á música e por suposto á lingua. Implicar a xente nova no patrimonio cultural galego e universal (xa que se fai un percorrido por outras expresións similares na Península, en Latinoamérica...) é outro dos obxectivos destas sesións.

Sesións que se artellan en tres bloques:

1º- Introducción á poesía oral e improvisada de carácter popular, dende unha perspectiva teórica (evolución desta poesía, a regueifa como manifestación desta arte, compoñentes da poesía...) e práctica (exemplos de desafíos, construción de versos...)

2º- A regueifa, tamén analizada teoricamente ao se estudar outras manifestacións como o brindis, as variedades de regueifas (rezada/cantada...) e dun xeito práctico ao se iren construíndo regueifas cantadas e brindis, xunto con outras coplas populares: xaneiras, maías...

3º- Exercicios de improvisación e enxeño de ida e volta. Aquí regueifeiros e alumnado inician o desafío e poñen en práctica distintas habilidades: construír unha copla que remate no verso que queiran as e os alumnos (pé forzado), quebracabezas de palabras, regueifas sobre unha temática.

Remata a sesión, que ten unha duración de hora e media, improvisando xuntos alumnado e regueifeiros.

Pero nós non rematamos con estes obradoiros xa que criamos que era oportuno ofrecerlles aos alumnos e as alumnas a posibilidade de se estrear perante o público. Público que na súa maioría habían ser os propios compañeiros e compañeiras.

Así argallamos un certame escolar de regueifas, e para xuntar a quen quixese participar tivemos unha sesión conxunta con todo o alumnado dos centros participantes, case a xeito de ensaio xeral antes de se levantar o pano.

Tivo lugar nunha praza céntrica viguesa, que axiña se ateigou de rapazada e curiosos que tamén se sumaban ao espectáculo. Deron a “saída” Luís Caruncho e Pinto d’ Herbón, pero foron axiña varridos do escenario por ser tomado polos rapaces e rapazas (estas máis animadas).

O Certame “enganchounos” moitísimo, houbo que paralos porque non daban rematado de se retaren entre eles, entre os centros; meterse cos profes, con que por alí estaban... e non faltaron os “piques” entre mozos vigueses e rapazas de Gondomar que tamén participaban.

A experiencia resultou moi positiva tanto para os centros de ensino (alumnado e profesorado), para os regueifeiros como para o SNL.

Para este vindeiro curso ha de se seguir a presentar dentro do programa de actividades e con seguridade han de se sumar máis centros.

Por outra banda, xa estamos tentando un paso máis no proxecto: animar a outros concellos da área de Vigo para sumarse a esta iniciativa e así establecer un “certame ambulante” por aqueles municipios que se sumen.

Asemade estamos a barallar a posibilidade de facer unha unidade didáctica, e de seguro que vai, pois haivos un grupo de profes que o que se propoñen consígueno... e senón o tempo.

Marta Souto

Unha perspectiva exterior sobre as linguas en Galicia

Unha mirada desde o sur de España e desde o outro lado do Atlántico

Mercedes Bertos Puertas, estudante andaluza de Psicopedagogía de vintedous anos, e Mariela Tilve Rouco, xornalista porteña de trinta, estiveron este verán a canda nós para asistir ós cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia, organizados outro ano máis polo Instituto da Lingua Galega, a Real Academia Galega e a Dirección Xeral de Política Lingüística.

Mercedes xa estivera en Galicia catro veces, pero nunca en Compostela, e para Mariela era a segunda vez. Aproveitamos a súa estada aquí para conversar con elas e tratar de albiscar cómo se percibe a nosa situación lingüística desde fóra. Velaquí un extracto das súas opinións.

¿Por que te interesaches polo galego e por que fixeches este curso?

ME: Para poder abrírame campo nas oposicións. Se as fago aquí evito o exame de galego e en Andalucía dáme puntos para o reparto das prazas.

MA: Ó principio empecei co galego por meu pai. El non o falaba pero sempre me contaba moitas cousas de Galicia. Despois xa me fun introducindo no baile e na literatura e xa seguí por propio interese.

¿Xa tiñas coñecementos de galego antes de vir facer este curso?

ME: Non. Simplemente algunha palabriña pero máis nada.

MA: Si. Fixera no Centro Galicia de Bos Aires o curso inicial e despois outra vez o inicial e o avanzado. Eu era a única persoa nova.

¿Paréceche unha lingua difícil de aprender?

ME: Ó principio, cando o escoitas, pensas que non vai ser tan difícil porque se parece moito ó español e máis ó portugués, pero cando te pos a estudialo ten algunha cousiña que non é tan fácil, como os verbos, que teñen tempos diferentes. Logo tes que pórtete a pensar mentres falas e non é unha situación natural, estás forzando.

MA: Non. O que máis me custa son os verbos, sobre todo os irregulares, pero tamén me custan en francés.

¿Pensas que hai en Galicia xente que non coñece o galego?

ME: Si, sobre todo nos rapaces. Ademais vexo que, dependendo do nivel cultural, non se fala igual: os de clase baixa teñen máis acento.

MA: Iso témolo comentado no curso. Todos notamos que non se fala tanto galego como se debería. Despois hai outros que parece que falan pero mesturan moitas palabras castelás.

¿Por que pensas que non se fala máis galego?

ME: Ós rapaces, en moitas casas xa non llelo aprenden, pero non porque non queiran senón porque moitos pais non o estudian.

MA: No momento en que a xente se pasou ó castelán porque lle daba vergoña falar galego, perdeuse toda unha xeración. Foi un punto de inflexión que é moi difícil de remontar.

MERCEDES

EU PIDOLLES ÓS MEUS AMIGOS DE AQUÍ QUE ME FALAN EN GALEGO PORQUE TEÑO QUE APRENDELO. PERO CÚSTALLES PORQUE NON O TEÑEN COMO LINGUA MATERNA; APRÉNDENO NO COLEXIO COMO O INGLÉS OU O FRANCÉS. E EN CHEGANDO A UNHA COUSA QUE NON SABEN DICILA BEN POIS CAMBIAN Ó CASTELÁN E XA ESTÁ.

SE EU FOSE GALEGA NON SEI QUÉ IDIOMA FALARÍA COS MEUS AMIGOS, TENDO EN CONTA O ANTERIOR. POLA CONTRA, SE FOSE A UN SITIO NO QUE A XENTE ESTIVISE FALANDO EN GALEGO, EVIDENTEMENTE, FALARÍA CON ELAS EN GALEGO. POR EXEMPLO, NO HOSTAL NO QUE ESTOU, FALAN TODO O TEMPO EN GALEGO. INTENTEI ALGUNHAS VECES CONVERSAR CON ELAS EN GALEGO E ELAS CORRIXENME E AXÚDANME.



¿En contraste coa xente maior, coidas que a xente nova fala galego por motivacións políticas?

ME: A xente maior é a máis comprometida porque son os que viviron os anos máis duros e din: "hai que falar galego para que isto non morra". Pero os novos xa están fartos do galego do instituto. Cando sexan adultos hanse decatar de que están perdendo parte do seu e dirán: "vouno recuperar e ensinárllelo ós fillos".

MA: Tal vez os novos o falen por sentir que é a súa lingua ou por diferenciarse pero os vellos fano porque sempre o fixeron; é tan natural que nin se dan conta.

¿Notaches algún tipo de discriminación lingüística en Galicia?

ME: No contexto no que me movín, non. Galegos con galegos, non vin que se miren con mala cara por falalo. Pero sei de sobra que os galegos de clase alta... ¡jeles como van falar galego, por Deus! Cando son os que máis se terían que comprometer porque teñen os cartos para dicir: "isto hai que impulsalo, que nos convén a nós".

MA: Non. Persoalmente non vin ninguén discriminado nin por falar unha lingua nin por falar a outra. Non sei se chega a darse algunha desas situacións.

¿Goza hogano o galego de boa saúde?

ME: Non sei se está a gañar falantes. O que creo é que moitos pais, ó teren os fillos lingua galega no colexio, se van ver máis comprometidos para aprendérllelo antes de iren á escola. Se eu fose de aquí, interesaríame que os meus fillos soubesen a lingua propia porque é parte da súa cultura. Así os da xeración actual, cando teñan fillos, hánllesla ensinar e virá ja revolución do galego!

MA: Notei que no interior se fala máis, que goza de mellor saúde. Pero aí a xente nova xa tamén o vai deixando. Eu creo que ó se moveren tamén en contextos castelanfalantes, por razóns de estudos ou laborais, fóronse asimilando lingüísticamente. Nós, os do curso, vemos que se fala moito castelán pero, ó mellor, a maioría da xente que anda pola cidade vella son turistas. Eu paro polas Fontiñas. Cando paso pola rúa de San Pedro, que é todo casas e locais, óese ós veciños falaren galego, ou tamén na praza de abastos. Tamén os profesores pero non sei se a xente nova.

¿Están os dous idiomas ó mesmo nivel en Galicia?

ME: Non. Eu vexo que o galego está por debaixo do castelán. Depende do lugar. Aquí en Santiago é onde máis se defende. As outras veces que estivera en Galicia fora á Coruña e alí non falaba galego ninguén. Eu dicía: "a ver se alguén me fala en galego para poder escoitar un pouco para o verán" e nada, en ningures: nin en bares, nin en sitios perdidos, nin en tabernas...

MA: Creo que está moito máis abaixo o galego. Está todo en español: os medios de comunicación, a televisión, os diarios... O galego aínda non está en todo o seu potencial.

¿É adecuada a promoción do galego que se está a realizar?

ME: Non sei. Iso terías que meterte nun colexio de aquí e ver cómo o ensinan. Eu coñezo algúns libros de texto e vin cousas que están ben e outras que non. Paréce-me que a promoción se dirixe principalmente ó eido do ensino.

MA: Para min que se fixo bastante pero deberíase facer aínda máis. Paréce-me bárbaro que haxa unha canle de televisión na que poidas escoitar galego todo o día e estráñame que só haxa un xornal en galego. A televisión necesita un investimento moi alto pero é raro que non haxa outro diario, con ideoloxía diferente da de Galicia Hoxe. Unha lingua non se pode impor pero,

se non se quere que morra, hai que estar reavivándoa e dándolle novos impulsos constantemente. Paréceme totalmente válidos todos os esforzos e deberíanse facer aínda máis.

¿É útil o galego para integrarte no mercado laboral no sector público?

ME: Pídeno nas oposicións.

MA: Acá os organismos públicos deben facer todo -os boletíns oficiais, leis...- en galego ¿non? Tamén unha compañeira tiña que facer o curso para ser funcionaria. Creo que en Galicia si que é funcional e que saber falalo che pode abrir portas.

¿E no privado?

ME: Depende de a qué nivel. Paréceme moi interesante que se fale galego na hostalería e que as cartas cos menús estean en galego. Pero, claro, en empresas grandes, en cousas de informática e iso, non sei eu.

MA: Depende do traballo. É moi útil. Se eu, por exemplo, estou nunha tenda e vén alguén e me fala galego, a min gustaríame contestarlle tamén no mesmo. Ninguén está exento de ir a un sitio e que os clientes ou a xente coa que teña que comerciar lle falen galego. Penso que abre portas e que é máis completa a persoa se pode ser bilingüe porque aquí tamén hai xente que fala sempre galego.

¿Paréceche que o galego che serve para integrarte en Galicia?

ME: Si. Imaxina que chegas a un sitio no que só falan galego ou no que te van recibir mellor se falas galego. Sénteste mellor, máis cómodo. Un debe adaptarse á maioría, non os vas obrigar a eles a adaptarse a ti. Quizais haxa algún ó que lle custe moito falar en castelán porque está acostumado a desenvolverse en galego. Eles teñen que seguir falando galego; fan ben. Igual que se a min me vén un galego a Andalucía. Eu non vou pronunciar os eses perfectamente, eu vou seguir falando igual.

MA: Si, si. A min, cando vou a unha aldea e falan galego, éntrame a gana de falalo tamén. Pero dáme vergoña de cómo o falo, tan porteñizado. O outro día fun a unha comunión e acabei perdendo a vergoña e falei en galego. E os outros contestábanme en galego. Gustoume.

¿Como ves a nosa situación en comparación coa doutras comunidades bilingües?

ME: Estiven en París, onde hai xente de moitas comunidades lingüísticas pero non coñezo de primeira man casos similares ó de Galicia.

MA: En Cataluña coidan moito máis a cuestión do idioma, por exemplo, en contidos educativos. Un ten que tratar de defender a súa lingua, sen arrombar a parte castelá porque están dentro de España.

Moisés Barreiro

MARIELA

NON CHE SON MOITO DE CHATEAR PERO DUNHA VEZ COÑECÍN UN RAPAZ DE PONTEVEDRA. DIXENLLE QUE SABÍA FALAR GALEGO E NON O PODÍA CRER. DURANTE UN PAR DE ANOS ESCRIBÍMONOS EN GALEGO E EL SEMPRE ME DICÍA QUE EU ERA A ÚNICA PERSOA COA QUE UTILIZABA O GALEGO PORQUE COS SEUS AMIGOS FALABA EN CASTELÁN. ERA UNHA PERSOA NOVA, TIÑA TRINTA E UN ANOS E NON USABA O GALEGO PARA NADA. SEGURO QUE SE NACESE NA ALDEA...

ESTRAÑOUME A SITUACIÓN NA IGREXA. UN DÍA ENTREI NA CATEDRAL E CADROU QUE ESTABAN CO BOTAFUMEIRO E FALANDO EN CASTELÁN. FUN OUTRO DÍA Á TARDE E FALABAN GALEGO PERO SÓ HABÍA CATRO GATOS. MÁIS PARA ADIANTE FUN A UNHA COMUNIÓN A POIO E DIXEN: "AQUÍ VAN FALAR GALEGO PORQUE TODOS NA ALDEA O FALAN". ¡E NON! O CURA FALOU CASTELÁN TODO O TEMPO. E, CLARO, UNHA DESILUSIÓNASE Ó ATOPARSE CON ESTAS COUSAS. EU DIGO QUE UN NON PODE DEIXAR DE FALAR GALEGO PORQUE HAXA QUEN NON O ENTENDA: SE UN VAI A UNHA IGREXA PROTESTANTE EN INGLATERRA NON LLE VAN FALAR CASTELÁN PORQUE NON ENTENDA. UN TEN QUE TRATAR DE INTEGRARSE. DÁ IGUAL O RESTO DOS ESPAÑOIS. SE NON SABEN GALEGO TERÁN QUE APRENDER, PARÉCEME A MIN.

NAS MARXES DO ESTÁNDAR

Simposio "Variación e Prescrición" (novembro-decembro 2003)

O Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega convidánnos este inverno a asistir e participar no Simposio "Variación e prescrición", que traerá a Santiago de Compostela investigadores e técnicos para debater sobre as fronteiras do estándar galego en diferentes vertentes da lingüística.

O fenómeno da variación lingüística sincrónica nos seus diferentes planos (diatópico, diafásico e diastrático) e niveis (fónico-gráfico, morfolóxico, sintáctico e léxico), tendencialmente pouco atendido polas correntes lingüísticas contemporáneas, está a concitar unha atención crecente. En particular, os gramáticos son cada vez máis conscientes da necesidade de integralo nos seus programas de traballo, tentando por unha banda fornecer unha descrición lingüística máis realista e, por outra, definir os difusos límites entre a descrición e a prescrición. Trátase dun labor previo e necesario á hora de derivar as distintas aplicacións que a gramática debe atopar en diferentes campos, tales como a definición dos códigos normativos, a didáctica da lingua, a tradución, a manipulación editorial de textos ou a fixación de pautas idiomáticas para os medios de comunicación. Así mesmo, en linguas que presentan problemas específicos de definición do estándar normativo, por falta dunha tradición histórica que establecese con precisión os perfís duns modelos de corrección solidamente asentados, este labor previo é ineludible.

O simposio organízase en forma de conferencias con coloquio e mesas redondas para o debate, de acordo cun programa que contará coa presenza dos seguintes especialistas:

■ Violeta Demonte (Univ. Autónoma de Madrid), Inês Duarte (Univ. de Lisboa), Joan Solà (Univ. de Barcelona) e os membros do Seminario de Gramática da Real Academia

Galega (Rosario Álvarez, Francisco Cidrás, Ernesto G. Seoane, Xosé L. Regueira, Xosé Xove Ferreiro) abordarán a descrición e a prescrición nos grandes proxectos de gramática peninsulares.

■ Serafín Alonso Pintos (IES Ribadavia), Pablo Sánchez Vidal (IES Xinzo de Limia), Xosé Luís Regueira (USC), Ramón Novo (TVG), Elisa Fernández (USC) e Cándido Pazó discutirán sobre os estándares fonético e prosódico e mais sobre as pautas de orientación do discurso oral.

■ Dous equipos de boseiros do ILG (Mónica Baleirón, Luz Cures, Marta Negro e Xesús Mosquera; e Soraya Domínguez, Fátima Ruibal, Belén López, Concepción Diéguez) debaterán sobre o estándar gráfico.

■ Lara Santos Suárez (Imaxin) e Francisco Dubert García (USC) presentarán distintos problemas de definición a propósito do estándar morfolóxico.

■ Isabel Vaquero Quintela (SNL-USC), Xosé Xove Ferreiro (USC), Francisco Cidrás Escáneo (USC), Bieito Silva Valdivia (ICE-USC), Rosario Álvarez (USC), Dolores Torres París e Antón Palacio (Ed. Obradoiro) falarán do estándar sintáctico e da estandarización no mundo editorial.

■ Henrique Monteagudo (USC) clausurará o simposio cunha conferencia sobre a lingua, a norma e a escrita.

Para obter información puntual sobre este simposio poden consultar as páxinas web do Instituto da Lingua Galega:

<http://www.usc.es/~ilgas/>

ou do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia:

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg>

Mónica Baleirón

Foro da Sociedade para a Diversidade (Partnership for Diversity Forum)

Helsinki, 11 e 12 de setembro de 2003

Os pasados 11 e 12 de setembro tivo lugar en Helsinki unha nova cita para as linguas minorizadas en Europa, a través do Foro da Sociedade para a Diversidade (Partnership for Diversity Forum), que depende da Oficina Europea para as Linguas Minorizadas (EBLUL). Nesta ocasión o encontro foi organizado polo Centro Cultural Sueco-finés Hanaholmen-Hanasaari, en Finlandia. Este centro acolle a minoría finesa de fala sueca, e ten como obxectivo promover o intercambio cultural entre Suecia e Finlandia.

O programa centrouse nas prácticas lingüísticas nas cidades con linguas en contacto; e estivo dividido en tres bloques: "cidades bilingües", "as linguas minorizadas en Finlandia e Suecia" e "a promoción das linguas minorizadas nas cidades bilingües".

Ao longo das xornadas de traballo foron expoñendo as súas experiencias persoas chegadas de diferentes puntos de Europa, tanto con cargos políticos como traballadores e traballadoras que centran as súas tarefas, ou contribúen co seu traballo diario en diferentes sectores, á normalización de linguas minorizadas. Consonte a isto, durante todo o primeiro día os asistentes puideron achegarse a diferentes situacións presentadas desde distintos puntos de vista.

O xoves abriu a rolda de intervencións Kjell Herberts, da Universidade Åbo Akademi, facendo unha introducción ao tema das cidades con linguas en contacto. Tamén se puideron escoitar unha presentación do sistema escolar bilingüe de Helsinki, a situación dos servizos públicos bilingües na galesa Cardiff ou na suíza Biel, o bilingüismo no sector privado en Galway; no sector da sanidade en Bolzano –rexión do Alto Adigio-, ou unha intervención da Concelleira de Normalización Lingüística de Bilbo. Neste apartado tamén se presentou unha comunicación desde Galicia, defendendo o pulo que lles cômpe dar aos usos da lingua galega para facer que o emprego da nosa lingua na sociedade sexa realmente "normal".

As sesións do venres foron tamén teóricas durante a mañá, organizadas arredor da situación das linguas menos estendidas en Suecia e Finlandia. Xa que logo falouse do sueco en Finlandia e nas Illas Åland, do finés en Suecia; do yiddish nos países bálticos e nórdicos; do ruso en Finlandia e na rexión do Báltico, ou da dramática situación do Sami, a lingua lapona que espalla os seus falantes ao longo de cinco estados.

O último treito do foro desenvolveuse en tres grupos de traballo nos que os e as participantes puideron intercambiar e debater puntos de vista e experiencias. Por unha parte tratouse o tema dos servizos públicos nas cidades bilingües, o segundo grupo centrouse na información nas cidades bilingües; e o terceiro grupo traballou na publicidade nas linguas menos estendidas.

A vindeira cita será no Foro 2004, do 18 ao 22 do febreiro, en Flensburg; cidade raiana entre Alemaña e Dinamarca, nunha rexión na que conviven seis linguas e catro minorías étnicas. O tema central de traballo vai ser a situación das linguas nas rexións fronteirizas de Europa, e as vantaxes e os problemas da cooperación transfronteiriza en materia de lingua.

Para obter máis información:

- *Delegación danesa da EBLUL*

Enderezos electrónicos:

toft.sp@bdn.dk

hjnissen@mail.tele.dk

Sitios web:

www.bdn.dk

www.nordschleswig.dk

- *Delegación xermana da EBLUL*

Enderezos electrónicos:

elisabeth.schramm@t-online.de

nath@ostfriesischelandschaft.de

Sitio web:

www.ostfriesischelandschaft.de

Conchi Cochón Rodríguez

Formación continua / Coordinación / Información / Aproveitamento de recursos

ENREDAMOS A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DUN PAÍS



<http://www.ctnl.org>

info@ctnl.org



O NOSO SITIO NA REDE

A CTNL e a súa historia / Cursos de Formación - Documentación / O noso boletín Novas CTNL / Recursos lingüísticos na rede - Ligazóns / Servizos lingüísticos / Textos, artigos, relatorios... / Bibliografía / Noticias e novidades do galego / Colabora connosco / Opina

A CTNL "cotenol"

Cursos de formación específicos, centrados no labor dos técnicos e persoas interesadas na sociolingüística galega / Propostas de coordinación e organización para a racionalización dos recursos da administración pública / Coordinación e divulgación do labor dos traballadores dos SNL/SL / Información das cuestións de interese para os SNL/SL (cursos, publicacións, liñas de apoio, programas) / Favorecer a creación de novos servizos e a profesionalización dos existentes / Promover a dignificación do labor dos normalizadores lingüísticos e conseguir un status adecuado para os SNL/SL / Publicar ou fomentar a publicación de materiais de interese para o sector e animar a investigar arredor das nosas demandas.

CADA DÍA SOMOS MÁIS (envía este cuestionario e faite socio)

NOME

APELIDOS

TELÉFONO

FAX

ENDEREZO ELECTRÓNICO (Indica se é persoal ou de traballo)

CP - LOCALIDADE

SITUACIÓN PROFESIONAL

DON / DONA

CON DOI ROGO QUE CON CARGO A MIÑA CONTA

SE ATENDAN AS CONTAS QUE ME SEXAN XIRADAS POLA COORDINADORA DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA.

E PARA QUE ASÍ CONSTE ASINO ESTA CERTIFICACIÓN O DE DE 20



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Esta revista está subvencionada
pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia